

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 05/02/2024  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
SONIA OUTÓN CASAL  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
CARLOS COIRA LOJO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 05/02/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29 de xaneiro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/0214**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa, catro mesas e catro cadeiras, na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 10 de febreiro de 2024, de 9:00 a 15:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2024/0234**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Pardo Viqueira, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha mesa informativa de VOX o día 30 de xaneiro de 2024, na Praza de Galicia, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Dase conta de informe favorable da Policía Local.

Asemade indícase que durante a campaña electoral, as ocupacións de vías deberán ser solicitadas ante a Xunta Electoral de Zona, limitándose aos lugares sinalados para actos de campaña.

**PRP2024/0293**

Dáse conta do escrito presentado por D. Guillermo Buján Buceta, solicitando o arranxo da beirarrúa na Rúa San José nº 7-9, tralas conexións feitas pola Empresa Espina & Delfín, así como a colocación dun novo colector.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que realizada inspección ocular observouse que na zona de obras obxecto da queixa se atopan dous operarios da Empresa Espina & Delfín traballando, polo que se supón que en breve esta deficiencia estará emendada.

En relación ao cambio dos colectores de lixo de situación, descoñécese se esta medida é provisional ou definitiva, debendo consultarse co departamento que xestiona o Concelleiro Sr. Mouriño Santiago, quen poderá darlle a información.

En relación co pintado do paso de peóns, o único que presenta deficiencias e o que está á altura dos números 7-9, pero ata que se leven a cabo as obras pendentes de retranqueo da beirarrúa que discorre pola parte posterior da Capela, para facilitar a circulación e xiro dos autobuses, non se pode proceder ao pintado e acondicionamento da zona.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/0301**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas e galletas os días 10, 11 e 13 de febreiro na Avda. de Mariña, e o día 14 de febreiro na Praza Rafael Pazos con motivo do Enterro da Sardiña.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2024/0302**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocación de música ou altavoz na terraza exterior ou no interior do establecemento, en

caso de mal tempo, no Bar "As Tapas de Laura", os días 12, 13, 16 e 17 de febreiro de 2024, con motivo da celebración do Entroido..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder conceder autorización, **en horario de 20:30 a 23:30 horas**, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/0330**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Cristina Iglesias Arenas, en representación de Asociación Xuvenil Arousa Moza, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa para o día 5 de febreiro, en horario de 10:00 a 13:30 horas na Praza de Galicia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/0344**

Vista a Taxación de Costas do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, dictada en Procedemento Abreviado 19/2023, a instancia de Carlos CAeiro Patiño e a cuxo pago resultou condenado o Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 400,00 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga a favor de Dona María Milagros Abal Hermida, polo citado importe de 400,00 €, con cargo á aplicación de gastos 920.22604.

#### **PRP2024/0345**

Dáse conta da comunicación da Deputación de Pontevedra, en relación á publicación do Ministerio de Política territorial e memora democrática, pola que se aproban as bases reguladoras

e a convocatoria correspondente a 2023 de subvencions destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia.

A Deputación de Pontevedra, en colaboración cos concellos da Provincia, vai presentar un proxecto de transformación dixital e de modernización para levar a cabo o censo de vivendas das entidades locais, no marco de Plan de Recuperación, Transformación y Resilencia, desinado a todos os municipios da provincia de Pontevedra. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao citado proxecto. Nomear ao funcionario Don Narciso Boullosa Túñez como interlocutor coa Deputación de Pontevedra nos aspectos de carácter técnico.

### **PRP2024/0346**

Dáse conta da Proposta de Convenio de colaboración entre o Concello e a entidade “ Dalle que Dalle SCG” polo proxecto Esclimatic “ Ferramentas para a planificación dos impactos do cambio climático nas zonas costeiras”.

A finalidade do presente convenio é a colaboración coa entidade cunha cofinanciación ao proxecto para desenvolver unha proba piloto que estableza unha metodoloxía para autodiagnose da resiliencia das PYMEs produtoras e transformadoras locais vinculadas directa o indirectamente ao sector marítimo- pesqueiro galego.

Polo tanto perseguir o fin común da posta en valor do patrimonio natural así como o achegamento á cidadanía dos recursos ambientais co fin de potenciar a sensibilidade ambiental, a cuxo efecto cada unha das partes asumirá as actuacións seguintes para o seu cumprimento efectivo.

Enumérase todo o e o que inclúe:

- A organización dun taller “Definición e caracterización segundo relevancia, dos impactos a futuro no medio mariño” do proxecto durante o primeiro trimestre de 2024 co fin de caracterizar xunto cos principais axentes vinculados ao mar, os impactos do cambio climático na Ría de Arousa e poder desenvolver unha ferramenta dixital baseada nos datos recompilados.
- A creación dunha ferramenta dixital que axude ás PYMES do Concello que asina o presente convenio a avaliar a súa vulnerabilidade fronte ao cambio climático e desenvolver accións que incrementen a súa resiliencia.
- A difusión da colaboración no proxecto mediante publicación na propia web da entidade, nas redes sociais da mesma, así como na cartelería e materiais que se empregarán no devandito taller.
- A darlle difusión a este cofinanciamento e á implicación do Concello no proxecto entódalas publicacións , eventos e materias a partires da sinatura deste convenio. Así como a incorporación do logotipo do Concello nas publicacións
- O CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA comprometése a colaboración económica coa cantidade 2000€ que se fará efectiva antes da finalización da fase I do proxecto en xuño de 2024
- Ten un período de vixencia é ata 31 de decembro de 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade DALLE QUE DALLE SCG - CIF- F-94096021, para o proxecto Esclimatic “ Ferramentas para a planificación dos impactos do cambio climático nas zonas costeiras”. ,

cunha aportación municipal de 2.000 €, con cargo á partida 1720.489.

#### **PRP2024/0124**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Convenio Regulador para a concesión directa da subvención para o ano 2024 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais (PFSDM) e a Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (FEXDEGA) con destino ao fomento de actividades deportivas, culturais e de ocio a desenvolver no recinto de FEXDEGA, así como o uso das instalacións por parte do Concello e da Fundación de Deportes.

A subvención ascende a un total de 138.000,00 €, coa seguinte desagregación:

- Con cargo ao Orzamento Concello de Vilagarcía de Arousa 2024: 75.000 €, partida 4311.489.
- Con cargo ao Orzamento FPDSM 2024: 63.000 €, partida 342.489.

Acórdase o rececemento de obriga do 50% da subvención, de conformidade co establecido na cláusula sexta do convenio, e o pago anticipado de 69.000 € co carácter de entregas de fondos previas á xustificación, como financiamento, necesario para poder levar a cabo as actividades inherentes á subvención.

A achega do Concello destinase ao pago do subministro de luz e telefonía da totalidade das instalacións, así como aos gastos de asesoría fiscal e xurídica. A achega da FPDSM destinase ao pago da limpeza da totalidade das instalacións, e aos gastos de mantemento, obras, servizos e subministrados necesarios.

#### **PRP2024/0406**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun convenio de colaboración con Dona Concepción de la Torre Millán e Dona María Luisa de la Torre Millán, para a cesión gratuita ao Concello de Vilagarcía de Arousa dunha superficie de 60,75 m<sup>2</sup> da parcela situada na Rúa Aquilino Iglesia Alvariño nº 6, con referencia catastral 986300NH1196S0001ZJ, comprometéndose o Concello a realizar as seguintes actuacións:

- Demolición do muro existente sobre a zona obxecto da cesión gratuíta.
- Reconstrución do peche da parcela mediante cerramento de albanelería, de altura non inferior a 2,20 m., nin superior a 2,50 m, realizado con bloque visto de formigón de cor branco, crema ou gris, de conformidade coas determinacións contidas no PXOM.
- Respecto ao muro e peche que non é obxecto de demolición, procederáse á súa reposición nas mesmas condicións que o muro obxecto de demolición.
- Instalación dun portalón de aluminio, de 3,70 m. de longo con videoporteiro con apertura remota da porta peonil exterior desde as vivendas.
- Reposición de pavimento interior de formigón pulido e dos tragantes existentes.
- Cuberta de panel sandwich nervado acabado en tella e canlón con baixante.

Dar conta a Dona Lucía Araujo Castiñeiras (Directora da obra "Humanización da Rúa Aquilino Iglesias Alvariño") e a D. Juan José Rodríguez Cuiña (Arquitecto Municipal).

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2024/0338**

En base ao informe emitido pola Traballadora Social, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor dos nenos/as da Escola Infantil Municipal do mes de xaneiro de 2024.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

i. Atención educativa: 18.946,21€

ii. Comedor: 7.390,38€

b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de:

i. Atención educativa: 8.812,43€

Polo tanto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de XANEIRO de 2024, por un importe total de 35.149,02€, con cargo á partida 323.48007.

## **EMPREGO**

### **PRP2024/0332**

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 3 de xaneiro de 2024, das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e Servizos de Competencia Municipal "Plan Máis Provincia 2024", liña 3 activación do emprego 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención, por un importe total de 284.565,96€ (cunha aportación municipal de 215.861,2 €) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2024, Liña 3 (Plan Mais Provincia 2024) para a contratación de 35 traballadores/as desempregados, a tempo completo, por 8 meses, tendo prevista a data de inicio do programa o día 1 de abril de 2024.

As tarefas a realizar e os traballadores solicitados do PLAN MAIS PROVINCIA 2024 LIÑA 3 CONCELLO DE VILAGARCÍA serán os seguintes a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego:

#### **1.- Xestión Forestal preventiva e recuperación medioambiental.**

- 4 Peóns forestais (8 meses a tempo completo)

- 1 Peón condutor operador de retroexcavadora (8 meses a tempo completo).

#### **2.- Eficiencia enerxética:**

- 4 Peóns Instaladores electricistas, (8 meses a tempo completo).

#### **3.- Pintura e sinalización viaria:**

- 5 Peóns pintores/as e/ou empapeladores (8 meses a tempo completo).

#### **4.- Conservación, rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas municipais:**

- 14 Peóns axudantes albaneis (8 meses a tempo completo).

- 1 Peón fontaneiro/a (8 meses a tempo completo).

#### **5.- Recuperación e mellora parques, xardíns e zonas naturais:**

- 4 Peóns Traballadores/as de Conservación de Parques Urbanos, Xardíns Históricos e Botánicos, (8 meses a tempo completo).

#### **6.- Control e mantemento de instalacións de deportes da Fundación Municipal de Deportes.**

- 2 Peón Axudante mantenedor de instalacións deportivas (8 meses a tempo completo).

- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que se van a contratar e a súa categoría profesional.

- Comprometerse a incluír no orzamento do exercicio 2024 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.

- O custe total dos traballadores coa subida prevista do SMI para o 2024 (efectos xaneiro de 2024) sería o seguinte:

Custe total 35 traballadores/as 8 meses a tempo completo	Límite máximo subvención Liña 3 - PLAN MAIS PROVINCIA 2024	Diferenza/aportación municipal
522.900,00	284.565,96	238.334,04

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2024/0324**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza unha serie de actividades dirixidas á infancia e a realizar dentro do programa de Entroido 2024.

Trátase de proporcionar espazos para a conciliación da vida familiar el laboral, así como que os máis novos podan desfrutar de espazos seguros para o ocio e desfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inquedanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

- Día 12 de febreiro, na Praza da Peixería, en horario de 17:00 a 20:00 horas, (Animación musical e baile, Obradoiro de pintacaras, Obradoiro de tatuaxes temporais, Realización de chapas metálicas con difeentes motivos do Entroido, Obradoiro de disfraces, caretas e antifaces; reparto de diferentes agasallos, Xogos interactivos, Actividades dirixidas a familias con menores a partir de 3 anos).

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento total, por importe de 2.419,12 € (IVE incluído, con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- Orbita Infantil SC, orzamento para coordinación, monitorxe e desenvolvemento dos obradoiros, por importe de 1.693,12 €.

- Carlos Galbán Zaragoza, orzamento para a animación musical da festa infantil, por importe de 726,00 €.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/0329**

Dentro da campaña de extensión e mellora da xestión dos biorresiduos de procedencia domiciliaria aprobouse na Xunta de Goberno Local de 14 de novembro de 2023 a compra de 4 biotrituradoras eléctricas para podas de pequeno tamaño co obxectivo de iniciar un servizo de préstamos a veciñanza que participa da compostaxe doméstica nos seus domicilios.

Este servizo pretende facilitar a xestión das podas por parte do propio xerador, evitando que estas acaben nos contedores de recollida de lixo ao tempo que se consigue o necesario material estruturante para un bo desenvolvemento do proceso de compostaxe.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural, a Xunta de Goberno Local acorda

aprobar as normas de funcionamento do servizo de préstamo de biotrituradoras para a veciñanza que participa no programa de compostaxe doméstica.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **SPAD**

#### **PRP2024/0351**

Vista a proposta da Coordinadora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o contrato menor de servizos para a realización de taller de cerámica no Centro de Día por un período de seis meses, dende o 1 de febreiro de 2024 a Dona M<sup>a</sup> del Mar Barral Núñez, durante catro horas semanais, por un importe total de 6.318,00 € (IVE exento), de conformidade co orzamento presentado, con cargo á partida 2311.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **CULTURA**

#### **PRP2024/0308**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun contrato co Consorcio para a Promoción da Música, para a realización do Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia no Salón de Actos do Auditorio Municipal do ía 23 de marzo de 2023, así como a aprobación do gasto por un importe de 2.000,00 €, con cargo á partida 334.22609.

#### **PRP2024/0307**

Vista a solicitude de Dona Manuela Rios Abalo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe da nosa Señora, o día 14 de abril de 2024, en Cea:

- Actuación da Asociación Os Trasnos de Guillán por un importe de 250,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/0309**

Dáse conta da sinatura do contrato entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Entidade New Live Promociones Culturales SL para os cachés dos concertos para a actividade denominada "Achégate ao Salón 2024", cun importe total de 16.540,70 €, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

DIA	CONCERTO	IMPORTE



25-02-2024	JUNO	9.032,65 €
10-03-2024	YOLY SAA	3.273,05 €
28-04-2024	IZARO	4.235,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ao mesmo.

## CONTRATACIÓN

### PRP2024/0285

O Obxecto deste contrato é ofrecer un servizo de conslutoría estratéxica para o asesoramento e acompañamento ao Concello de Vilagarcía na definición dun Plan de Localización para a elaboración dunha Axenda 2030 Municipal.

Constitúe unha folla de ruta para planificar e alinear as políticas en clave de sostenibilidade e integridade e focalizándose na desigualdade, o cambio climático e en pór ás persoas no centro do desenvolvemento como suxeito e obxecto para a transformación sostible.

A Axenda 2023 significaría o impulso que Vilagarcía necesita para alinear estas e as futuras estratexias que se implementen no municipio cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Dito Plan será exisíble nas próximas solicitudes que o Concello solicite aos Fondos Europeos.

O Prazo de execución para a elaboración deste Plan para o Concello de Vilagarcía de Arousa será de 2 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para levar a cabo un “Plan de Localización para a elaboración dunha Axenda 2030 Municipal” á empresa CINFO, S.L. (NIF: B15757941) por importe de 14.850,00 (sin IVE) en conformidade coa súa oferta, con cargo á partida 920.22799.

### PRP2024/0286

A Axenda Urbana Española (AUE) é un documento estratéxico, sen carácter normativo, e por tanto de adhesión voluntaria, que de conformidade cos criterios establecidos pola Axenda 2030, coa nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e coa Axenda Urbana para a Unión Europea persigue o logro da sostenibilidade nas políticas de desenvolvemento urbano. Constitúe, ademais un método de traballo e un proceso para todos os actores, públicos e privados, que interveñen nas cidades e que buscan un desenvolvemento equitativo, xusto e sostible dende os seus distintos campos de actuación.

Vilagarcía esta incluída dentro das áreas urbanas definidas polo Ministerio de Transporte Mobilidade e Axenda Urbano, e máis, está incluída no sistema urbano da Eurorrexión.

É bo que o Concello teña un Plan Estratéxico de Acción Local xa que na próximas convocatorias de subvencións dos Fondos Europeos serán exisíbles estes Plans.

O Prazo de execución para a elaboración deste Plan Estratéxico de Acción Local dentro da Axenda Urbana Española será de 2 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para levar a cabo un “PLAN ESTRATÉXICO DE ACCIÓN LOCAL(PEAL) DENTRO DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA I” á empresa RENTABRAIN. (NIF: B94181963) por importe de 14.850,00 (sin IVE) en conformidade coa súa oferta, e con cargo á partida 920.22799.

### PRP2024/0288

Por Resolución da Alcaldía do 22 de xuño de 2023 adxudicouse o contrato de servizos

denominado SERVICIO BASICO DE CAMPAMENTOS URBANOS EN PERIODOS VACACIONAIS: VERÁN 2023 E NADAL 2023/2024, á empresa Serviplus total S.L. con CIF : B70019294, por un prezo de 22.900,07 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (10%) de 2.290,01 €, o que totaliza un importe de 25.190,08 € (IVE incluído), dos que 22.406,86 € (IVE incluído) corresponden ao campamento de verán 2023 e 2.783,22 € (IVE incluído) ao campamento de Nadal 23/24.

Con data 28 de xuño de 2023 procedeuse á sinatura do correspondente contrato administrativo, onde se fai constar que o prazo de execución do servizo é o seguinte: verán 2023 (do 3 de xullo ao 11 de agosto) e Nadal 2023-2024 (días 22,26,27,28,e 29 de decembro de 2023 e 2,3,4 e 5 de xaneiro de 2024). O contrato poderá prorrogarse para os seguintes períodos vacacionais: verán 2024 e Nadal 2024/2025; verán 2025 e Nadal 2025/2026; Verán 2026 e Nadal 2026/2027.

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA NOS PERÍODOS VACACIONAIS: SERVICIO BÁSICO DE CAMPAMENTOS URBANOS: VERÁN E NADAL, que comprenden toda unha serie de actividades de carácter educativo non formal e que se desenvolverán nun centro educativo, destinadas ós nenos que cursen educación infantil e primaria do municipio de Vilagarcía de Arousa.

O servizo de CAMPAMENTOS URBANOS NOS PERÍODOS VACACIONAIS é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades.

Vai dirixido aos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e 7 anos de idade empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral ou participen nun proceso de formación regrado ou oficial, no horario de desenvolvemento do servizo.

Aos efectos previstos no apartado 13 do anexo 1 do Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o procedemento de contratación CT20/2023-e, de conformidade co establecido no artigo 303 TRLCSP, e visto o informe favorable do Negociado de Contratación e Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a prórroga do citado contrato polo prazo dun ano con cargo á partida 2314.22624, e para os obxectos de servizo:

Campamento de verán 2024.

Campamento de Nadal 24/25.

## **PRP2024/0292**

Dáse conta de solicitude de SERVICIO, CULTURA, DEPORTE Y RECREACIÓN, S.L. de actualización das tarifas da piscina municipal cuberta e climatizada de Fontecarmoa para o ano 2024, incrementándoas nun 15,9% conforme á variación experimentada polo IPC no período comprendido entre xaneiro de 2017 (data da última actualización) e xaneiro de 2023.

Dáse conta do informe do Negociado de Contratación e Patrimonio, no que se indica:

SERVICIO, CULTURA, DEPORTE Y RECREACIÓN, S.L. foi a empresa adxudicataria do contrato de concesión do servizo público da piscina municipal cuberta e climatizada de Fontecarmoa, asinado con data 09/03/2004. Finalizada a última prórroga do contrato o 09/03/2019, actualmente dita empresa continua xestionando transitoriamente a piscina baixo as mesmas cláusulas do contrato asinado no seu día e ata que non se licite e adxudique o novo contrato.

O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexeu a concesión dispón na súa cláusula VI, apdo. 4 que “Ó transcurso do primeiro ano e sucesivos, as tarifas e o canon que, no seu caso oferten os licitadores, serán obxecto de revisión conforme ao aumento ou diminución que experimente en cada período inmediatamente anterior o índice de prezos ó consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatísticas ou organismo que o substitúa”.

A última revisión de tarifas e canon realizouse en 2017 (tomouse como referencia a variación do

IPC entre xaneiro de 2013 e xaneiro de 2017).

Comprobado no Instituto Nacional de Estatística o incremento do IPC entre xaneiro de 2017 e xaneiro de 2023, este é do 15,9%.

Tendo en conta o disposto na cláusula VI, apdo. 4 do PCAP infórmase favorablemente a revisión das tarifas e o canon de acordo coa variación experimentada polo IPC entre xaneiro de 2017 e xaneiro de 2023, a cal ascende ao 15,9%.

Aplicando ás tarifas vixentes o incremento do 15,9%, o importe das mesmas para o ano 2024 quedaría como segue:

Cota de entrada (Única):

A. (Matrícula abonados) : 36,81 €

B. Abonados Mensual (ten acceso a tódolos servizos tódolos días sen límite de tempo):

b.1) Abonado individual (con servizo deportivo): 36,76 €

b.2) Abonado Familiar (indep.Nº de fillos): 45,18 €

b.3) Abonado individual Terceira Idade e Colectivos desfavorecidos: 26,71€

b.4) Abonado individual Menores de 18 anos: 26,71€

b.5) Abonado Familiar Terceira Idade: 36,76 €

C. Non Abonados Piscina, Ximnasio, SPA (sen límite de tempo/continuo):

c.1) Entrada ADULTOS: 5,00 €

c.2) Entrada MENORES: 3,38 €

D. CURSOS (Tarifa en Euros mensual do curso por cada día á semana):

d.1) Cursos de Natación (de 4 anos en adiante): 18,47 €

d.2) Cursos de Natación BEBÉS (de 0 a 3 anos): 15,10 €

d.3) Cursos de Natación Terceira Idade e Minusvalía: 14,07 €

d.4) Cursos de Ximnasio, AEROBIC, XIMNASIA MANTEMENTO: 17,27 € Nota: Nestes cursos o usuario elixe o número de días á semana que quere realizar.

Dentro da oferta terán a opción de 1, 2, 3 días ou cursos intensivos. Os socios teñen un desconto do 30% nos cursos anteriormente sinalados.

d.5) Cursos preparación ao parto: GRATUITO (para Abonados, no caso de Non Abonados a tarifa será a de Cursos de Natación)

d.6) Curso de Preparación Física (Opositores, persoal training): 50,28 €

E. Outras Actividades (Tarifa en Euros por sesión):

e.1) Rehabilitación: 31,32 €

e.2) Revisión médica: 15,54 €

e.3) Masaxe: 25,07 €

e.4) Masaxe rápido (15 minutos): 15,54€

e.5) Solarium: 7,77 €

e.6) Solarium (Abono de 10 sesións –10% dto.): 70,42 €

e.7) Solarium (Abono de 20 sesións –15% dto.): 133,02 €

e.8) Xornada Acuática ou Festiva: 8,37 €

e.9) Aluguer de Rúa Piscina (45 minutos, para Clubes/Entidades Deportivas Culturais): 33,43 €

e.10) Seguro persoal asistencia sanitaria (anual): 33,43 €

e.11)Substitución Tarxetas Provisport (acceso instalación): 5,00 €

e.12) Aluguer de taquillas e xaulas: 16,79 €

e.13) Servizo de gardaroupa (custodia de obxectos de valor): 0,28 €

Dáse conta do informe favorable da Intervención Municipal.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a actualización das tarifas da piscina municipal solicitada, incrementandoas nun 15,9% conforme á variación experimentada

polo IPC no período comprendido entre xaneiro de 2017 (data da última actualización) e xaneiro de 2023.

Así mesmo, o canon que a empresa debe aboar ao Concello no ano 2024, unha vez aplicado o incremento do 15,9% nos termos antes citados sobre o importe actual (1.532,02 €), ascende a 1.775,61 €.

#### **PRP2024/0298**

Nos últimos anos o Concello de Vilagarcía de Arousa está a realizar un cambio de mobilidade urbana do noso Concello, acometendo unha serie de humanizacións que fixeron gañar centos de metros cadrados aos peatóns.

Esta aposta non só consegue unha mobilidade máis amable e a recuperación de espazos invadidos polos vehículos, senon que, consegue unha redución das emisións de CO2 e de gases de efecto invernadoiro; polo que se mellora a calidade de vida dos nosos veciños.

A normativa nacional e a europea aposta por este tipo de actuacións, polo que nos vindeiros meses tense a intención de ampliar estas humanizacións ás rúa Luisa vilar Janer, Ramón Piñeiro López, Santa Lucía e Praza Xoan XXIII, para o que é necesario dotarse dos proxectos técnicos correspondentes.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Educación, a Xunta de Goberno Local acorda dxudicar o contrato menor de servizos de “Redacción de proxecto de Humanización e Mellora da accesibilidade da Rúa Luisa Vila Janer, Rúa Ramón Piñeiro López, Rúa Santa Lucía e Praza de Xoán XXIII”, á mercantil ENURCOIN, S.L. (NIF B70408877), por un importe de 13.950,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.929,50 €, o que totaliza un importe de adxudicación 16.879,50 € con cargo á partida 150.640.

A oferta presentada por ENURCOIN é a seguinte:

Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta engadido	IVE
13.950,00	2.929,50	16.879,50	

#### **PRP2024/0299**

Con data 14 de xaneiro de 2022, asinouse convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o concello de Vilagarcía de Arousa para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no concello de Vilagarcía de Arousa.

En dito convenio, establece que o Concello de Vilagarcía, deberá realizar un estudo de mobilidade no entorno da parcela actualmente ocupada polo edificio da Comandancia da Mariña (xa demolido polo concello), co fin de ordenar a circulación rodada e peonil e as actividades permitidas na contorna ás necesidades requiridas para a necesaria circulación do transporte derivado do uso sanitario desta localización como a correcta circulación de ambulancias e usuarios do centro de saúde.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. ALFONSO BOTANA SL cun importe de 2.000,00 € (SEN IVE) para a realización dun contrato menor de servizo para un Estudio de mobilidade para a implantación do novo Centro de Saúde no Concello de Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida 134.22706.

#### **PRP2024/0306**

Por acordo da Xunta de goberno Local na súa sesión do 21/02/2022, adxudicouse o Contrato Baseado no Lote 1 do Acordo Marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e

seguros da Central de Contratación dá FEMP, WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., con suxeición ás condicións previstas no antecedente noveno, así como ao disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas. Con data 04 de marzo de 2022 procedeuse á formalización do Contrato que regula as condicións que rexen a prestación, por parte de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., do servizo de mediación de riscos e seguros, comprendendo o asesoramento técnico especializado para a cobertura e xestión dos riscos que afectan as entidades locais, a adecuación dos riscos ás pólizas que se contraten e a posterior asistencia na tramitación de incidencias, reclamacións e danos que se produzan durante a súa vixencia., onde se fai constar que o prazo total de execución do contrato é de 2 anos contados a partir do 4 de marzo de 2022, prorrogables por un ano máis (duración total do contrato incluídas as posibles prórrogas: 3 anos).

O contrato non xera un prezo para o contratante. A retribución do Contratista vira ida pola comisión sobre a prima que perciba das correspondentes compañías de seguro derivadas das pólizas que contrate o Concello de Vilagarcía de Arousa, e en todo caso, será abonada pola entidade aseguradora sen que derive gasto ou custe algún para o Concello de Vilagarcía de Arousa.

O Art. 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, dispón que:

“O contrato poderá prever unha ou varia prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 e 207 da presente Lei”.

En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a prórroga do Contrato Baseado no Acordo Marco da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a prestación dos servizos de mediación de riscos e seguros do Concello de Villagarcía de Arousa e Willis Iberia Correduría de Seguros e Reaseguros S.A..”. CT 06/2022-e, ata o 4 de marzo de 2025.

### **PRP2024/0323**

Por Resolución de Alcaldía de data 24/11/2023 adxudicouse o LOTE 1 (Subministración de 1000 composteiros individuais (COIN) con capacidade entre 300 e 400 litros + compoñentes individuais (aireador e termómetro de compostaxe)) do contrato denominado CT 59/2023-e “SUBMINISTRO DE COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS (COIN), COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS (COIN) DE GRAN TAMAÑO, E UNIDADES MODULARES DE COMPOSTAXE (UMC) PARA A FORMACIÓN DE CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA (CCC) AO AMPARO DAS SUBVENCIÓNS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL NO MUNICIPIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO RELATIVO Ao MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA DA UE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA -NEXTGENERATION EU-, cun orzamento de licitación (para os tres lotes que o conforman) de 79.640,00 € (sen IVE), 96.364,40 € (con IVE) á empresa Vermican Solucións de Compostaxe SL. (NIF B71066153) de conformidade á súa oferta: LOTE 1 - SUBMINISTRACIÓN DE 1000 COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS (COIN) CON CAPACIDADE ENTRE 300 E 400 LITROS + COMPOÑENTES INDIVIDUAIS (AIREADOR E TERMÓMETRO DE COMPOSTAXE), cun orzamento de licitación de 55.000,00 €, ao que corresponde un IVE(21%) de 11.550,00 €, o que totaliza un importe de licitación de 66.550,00 €

(21% IVE incluído), ofertando a empresa Vermican Solucións de Compostaxe SL. un importe de 54.655,25 € correspondéndolle un IVE (21%) de 11.477,60 € o que fai un total de 66.132,85 €, con cargo á partida orzamentaria 1720-62300, incluíndo as seguintes melloras:

- Pezas de repostado dos COIN de capacidade entre 300 e 400 litros: 40 tapas e 100 varillas.

O 29 de novembro de 2023 formalizouse o contrato coa citada Empresa.

En data 22 de decembro firmase a acta de recepción parcial do subministro do lote 1, na que se fai constar o seguinte:

“Unicamente subministráronse 400 unidades, que se atopan en bo estado e axústanse ás ofertadas polo contratista.

Faise constar que o Concello abonará as 400 unidades recibidas a razón de 66,13285 euro/unidade (IVE incluído) #de acordo con o prezo ofertado polo contratista, ascendendo, por tanto, o importe das 400 unidades fornecidas a 26.453,14 € (IVE incluído)”

Ademais no apartado de observación da acta faise constar o seguinte:

“O contratista manifesta que non ten dispoñibilidade das 600 unidades restantes por falta de stock e por tanto non pode suministrarlas dentro do prazo de entrega ofertado (1 mes), sen que poida precisar unha data concreta para a entrega das mesmas (estima que dentro de 4 meses)”.

Con data 4 de xaneiro de 2024 a empresa VERMICAN solicita que se acorde a resolución de parte do contrato, (as 600 unidades que quedaban pendentes) debido á dificultade de entrega por parte do provedor fabricante do adxudicatario, que estima a entrega non antes de abril de 2024. Segundo manifesta o contratista, esa dificultade de entrega deriva dunha rotura imprevista nuns moldes e ao aumento da demanda en Francia.

Con data 29 de xaneiro a Mestra Composteira comunica que se recibiron as melloras correspondentes ao subministrado (400 composteiros) cun total de 48 varillas e 16 tapas.

O Concello de Vilagarcía de Arousa aboou a Vermican, soluciones de compostaje, S.L. o importe correspondente aos 400 composteiros subministrados el 22/12/2023.

Vermican soluciones de compostaje, S.L., depositou (en efectivo) unha garantía definitiva para responder da correcta execución do contrato por importe de 2.732,76 €. Dado que executou o 40% da subministración obxecto do contrato, poderíase devolver o importe correspondente á parte non executada (60% da subministración), é dicir, poderíase devolver ao contratista 1.639,66 €, minorándose desta maneira o importe da garantía que quedaría constituída por importe de 1.093,10 € para responder da correcta execución da subministración efectivamente entregada.

Visto o que acontece, a unta de Goberno Local acorda aprobar a resolución de mutuo acordo do contrato de “SUBMINISTRO DE 1000 COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS (COIN) CON CAPACIDADE ENTRE 300 E 400 LITROS + COMPOÑENTES INDIVIDUAIS (AIREADOR E TERMÓMETRO DE COMPOSTAXE)” correspondiente ao LOTE 1 do contrato CT 59/2023-e referido ás 600 unidades que non foron entregadas, así como á devolución de 1.639,66 € correspondente ao 60% do total da garantía depositada.

### **PRP2024/0322**

Con data 16 de maio de 2023, mediante acordo da Xunta de Goberno autorízase o préstamo da obra do Arquitecto Antonio Palacios para formar parte da exposición denominada “ Antonio Palacios. El rumor de la Historia, el Ruido del Tiempo”, que estará aberta ao público ata xaneiro de 2024. Con data 26 de decembro de 2023, por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid, comunican a ampliación nas datas da citada exposición ata o vindeiro 20 de febreiro de 2024.

Ao mesmo tempo, dende o Concello de A Coruña, en colaboración coa Escola Técnica Superior de Arquitectura e coa Delegación do Colexio de Arquitectos, teñen previsto levar a cabo unha

nova exposición basada nas obras e proxectos do arquitecto Antonio Palacios. Esta nova exposición ten previsto estar aberta na cidade dende o 27 de febreiro ata o 12 de abril do 2024, polo que solicitan a autorización do Concello de Vilagarcía de Arousa para a itinerancia da obra dende Madrid ata Coruña. Este traslado será realizado baixo a responsabilidade do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid, según confirmación recibida por mail o día 30 de xaneiro de 2024. Unha vez rematada a exposición, será responsabilidade do organizador o transporte e posterior entrega da obra cedida nas instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ao préstamo da citada obra para formar parte da exposición.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.